

MINISTERIO DE FOMENTO

2778 REAL DECRETO 94/2006, do 3 de febreiro, polo que se regula a interoperabilidade dos sistemas de telepeaxe instalados nas estradas estatais. («BOE» 41, do 17-2-2006.)

A Directiva 2004/52/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativa á interoperabilidade dos sistemas de telepeaxe das estradas da Comunidade, regula de forma específica a decisión do Consello de crear un servizo europeo de telepeaxe, baseado na harmonización tecnolóxica e na interoperabilidade dos sistemas instalados nas estradas e autoestradas dos Estados membros.

Por outra parte, o Libro branco sobre a política europea de transportes, de cara a 2010 establece obxectivos de seguranza e fluidez do tráfico por estrada e ditamina que os servizos e sistemas de transporte intelixentes e interoperables constitúen un elemento clave para alcanzalos. No que se refire aos sistemas de telepeaxe, a creación dun servizo europeo debe ofrecer interoperabilidade a nivel técnico, contractual e de procedemento e incluír un contrato único, entre os usuarios e os operadores ou entidades emisoras que ofrecen o servizo, de acordo cun conxunto de normas contractuais que lles permita a todos os operadores e emisores ofrecer o servizo, dando acceso a toda a rede, e unhas normas e requisitos técnicos que lle permitan á industria subministrar o equipamento necesario para a prestación do servizo.

En España, o Ministerio de Fomento e as sociedades concesionarias de autoestradas viñeron realizando nestes últimos anos un esforzo notable na liña de fomentar a implantación de sistemas interoperables de telepeaxe, actuando de acordo coa normativa europea aplicable e, particularmente en canto ás prescricións técnicas destes sistemas, aos estándares do Centro Europeo de Normalización (CEN), do Instituto Europeo de Estándares de Telecomunicacións (ETSI) e da Organización Internacional de Estandarización (ISO). Estes estándares foron incorporados á normativa nacional española través do Comité Técnico de Normalización AEN/CTN 159 de Aenor, sobre telemática aplicada ao transporte e á circulación por estrada.

Na actualidade, a interoperabilidade dos sistemas de telepeaxe instalados en España está baseada no uso normalizado da tecnoloxía DSRC (comunicacións dedicadas de curto alcance) de microondas na banda de 5,8 GHz, e encóntrase garantida na totalidade do territorio nacional a través do sistema denominado VíaT. Non obstante, existen tecnoloxías diferentes de telepeaxe que se veñen implantando noutros Estados membros, tanto en sistemas de microondas como mediante satélites e baseados en redes de comunicacións móbiles que, segundo establece a Directiva 2004/52/CE, constitúen o soporte sobre o cal se definirá o servizo europeo de telepeaxe.

O despregamento do servizo europeo de telepeaxe que establece esta directiva implica a definición previa de diversas cuestións que se dividen en aspectos técnicos, de procedemento e xurídicos, en relación cos cales se estableceu un marco de colaboración e participación dos axentes interesados, entre eles a propia Comisión, os Estados membros, as entidades xestoras de infraestruturas, os operadores de servizos de peaxe, a industria e os usuarios. A creación do servizo europeo de telepeaxe presupón o establecemento en cada Estado membro dunha normativa específica que plasme nos ordenamentos xurídicos nacionais os criterios establecidos pola Directiva 2004/52/CE, relativa á interoperabilidade dos sistemas de telepeaxe das estradas da Comunidade, mediante a súa

incorporación no ordenamento xurídico interno, o cal constitúe o obxectivo deste real decreto.

Mediante este real decreto establécense as normas que permiten facer efectivo en España o previsto na citada Directiva 2004/52/CE, con inclusión das necesarias disposicións relativas á interoperabilidade dos sistemas de telepeaxe e dáse cumprimento, igualmente, ao mandato da disposición adicional novena da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, que autoriza o Goberno para aprobar a regulamentación técnica que permita a interoperabilidade dos sistemas de cobramento electrónico de peaxes sen detención do vehículo utilizados polos concesionarios de autoestradas.

Este real decreto apróbase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.^a e 24.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre tráfico e circulación dos vehículos de motor e sobre obras públicas de interese xeral.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de febreiro de 2006,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto fixa as condicións necesarias para garantir a interoperabilidade dos sistemas de telepeaxe instalados nas estradas e autoestradas estatais cos doutros Estados membros da Unión Europea.

2. A normativa contida neste real decreto é aplicable á percepción por medios electrónicos ou telemáticos de todo tipo de tarifas ou canons a que poidan estar suxeitas as estradas estatais, así como calquera dos elementos destas infraestruturas ou en conexión con elas como son túneles, pontes e transbordadores.

3. Este real decreto non é aplicable:

a) Aos sistemas de peaxe para os cales non existan medios electrónicos de cobramento.

b) Aos sistemas de telepeaxe que non necesiten a instalación de equipamentos nos vehículos.

c) Aos sistemas de peaxe pequenos de estradas estritamente locais, para os cales os custos de cumprimento dos requisitos de interoperabilidade sexan desproporcionados en relación cos beneficios obtidos desde o punto de vista da implantación do servizo europeo de telepeaxe.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos do disposto nos capítulos I a IV deste real decreto, entenderase por:

a) Interoperabilidade: a capacidade dos sistemas de telepeaxe para prover e aceptar servizos con equipamentos adquiridos de diferentes fabricantes, que poden estar situados en vías distintas e ser operados por sociedades concesionarias independentes, españolas ou doutro Estado membro da Unión Europea, funcionando de maneira transparente cara ao usuario.

b) Sociedade concesionaria ou operador: entidade titular dos dereitos de explotación dunha determinada infraestructura, nos termos que definen a Lei 8/1972, do 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, e a Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas.

c) Entidade emisora: entidade de servizos de índole esencialmente financeira, autorizada para prover os usuarios con medios electrónicos ou telemáticos de pagamento adecuados aos sistemas de telepeaxe.

d) Usuario: persoa física ou xurídica que fai uso das estradas a que se refire este real decreto.

e) Servizo europeo de telepeaxe: servizo de telepeaxe prestado aos usuarios a través de medios de pagamento electrónicos ou telemáticos que garanten a súa interoperabilidade a nivel técnico, contractual e de procedementos nos distintos Estados membros da Unión Europea de acordo co establecido na Directiva 2004/52/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativa á interoperabilidade dos sistemas de telepeaxe das estradas da Comunidade.

CAPÍTULO II

Implantación do servizo europeo de telepeaxe

Artigo 3. *Implantación do servizo europeo de telepeaxe.*

Para alcanzar o obxectivo sinalado no artigo 1.1, adoptaranse nas estradas estatais as medidas necesarias para a aceptación do servizo europeo de telepeaxe, que será complementario de calquera outro servizo de telepeaxe ofrecido a nivel nacional, nos prazos, termos e condicións que dispón a Directiva 2004/52/CE.

Artigo 4. *Neutralidade fronte á potestade tarifaria do Estado.*

1. O servizo europeo de telepeaxe será independente das disposicións nacionais relativas á finalidade da peaxe, o modelo de tarificación aplicado, a contía das tarifas e os criterios de aplicación de canons a infraestruturas e categorías concretas de vehículos.

2. O servizo afectará unicamente o método de percepción das peaxes ou canons mediante medios de pagamento electrónicos ou telemáticos, sen interferir co exercicio da potestade reguladora da Administración xeral do Estado noutros aspectos substantivos da explotación de estradas ou do réxime concesional en xeral, que se encontran recollidos na Lei 8/1972, na Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas e na Lei 13/2003, do 23 de maio.

Artigo 5. *Protección das liberdades e dereitos dos usuarios.*

1. A aplicación deste real decreto levarase a cabo de forma que o tratamento dos datos persoais necesarios para o funcionamento do servizo europeo de telepeaxe se realice de acordo coas normas de protección das liberdades e dereitos fundamentais das persoas, incluída a súa vida privada e, en particular, de conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

2. Igualmente será de obrigado cumprimento, na súa aplicación específica ao servizo de telepeaxe, o que dispoñen a ese respecto a Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións e a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos á sociedade da información e de comercio electrónico.

Artigo 6. *Na discriminación e obriga de especificación aberta e pública.*

A implantación dos sistemas interoperables de telepeaxe a que se refire este real decreto nas estradas estatais basearase en tecnoloxías conformes con normas

abertas e públicas, dispoñibles para todos os fabricantes e subministradores sobre unha base non discriminatoria.

Artigo 7. *Obrigas dos operadores de servizos de telepeaxe en estradas estatais en relación co servizo europeo de telepeaxe.*

1. Os operadores de servizos de telepeaxe en estradas estatais ofreceranlles aos usuarios o servizo europeo de telepeaxe, nos termos que se dispoñen no artigo 8.3 e de acordo co seguinte calendario:

a) Para os vehículos de máis de 3,5 toneladas e para todos os vehículos que estean autorizados a transportar máis de nove pasaxeiros, incluído o condutor, nun prazo máximo de tres anos a partir da data en que o servizo fose aprobado.

b) Para todos os demais tipos de vehículos, nun prazo máximo de cinco anos a partir daquela mesma data.

2. As sociedades concesionarias adoptarán as medidas necesarias para procurar que, non máis tarde do 1 de xaneiro de 2007, o 50 por cento do tráfico que circule por cada área de peaxe poida utilizar sistemas de telepeaxe. Os carrís utilizados para o cobramento electrónico da peaxe poderanse utilizar tamén para o aboamento por outros medios, sen prexuízo das regras de seguridade en cada caso aplicables.

3. O sistema de telepeaxe asociado ao servizo europeo permitirá que se desenvolva a intermodalidade, sen prexudicar outros modos de transporte.

CAPÍTULO III

Solucións tecnolóxicas dos sistemas de telepeaxe

Artigo 8. *Tecnoloxías admisibles no servizo europeo de telepeaxe.*

1. Todos os sistemas de telepeaxe que entren en servizo nas estradas estatais a partir do 1 de xaneiro de 2007 deberán estar baseados na utilización de, polo menos, unha das tres tecnoloxías seguintes:

- a) Localización por satélite.
- b) Comunicacións móbiles segundo a norma GSM – GPRS (referencia GSM TS 03.60/23.060).
- c) Microondas a 5,8 GHz.

2. Os equipamentos en que se apoie o servizo europeo de telepeaxe deberán axustarse, en particular, aos requisitos do Real decreto 1890/2000, do 20 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que establece o procedemento para a avaliación da conformidade dos aparellos de telecomunicacións e ao Real decreto 444/1994, do 11 de marzo, polo que se establecen os procedementos de avaliación da conformidade e os requisitos de protección relativos á compatibilidade electromagnética dos equipamentos, sistemas e instalacións. O sistema, no seu conxunto, deberá cumprir a normativa vixente en materia de telecomunicacións e de regulación do espectro radioeléctrico.

3. As sociedades concesionarias e as entidades emisoras de medios de telepeaxe autorizadas en España porán á disposición dos usuarios interesados equipamentos de a bordo dos vehículos que sexan aptos para funcionar correctamente dentro do servizo europeo de telepeaxe. Estes equipamentos de a bordo deberán ser interoperables cos sistemas de telepeaxe que estean vinculados ao servizo europeo nos demais Estados membros da Unión Europea, utilizando as tecnoloxías mencionadas no número 1.

4. Os equipamentos instalados a bordo dos vehículos poderán estar adaptados tamén a outras funcionalidades e tecnoloxías, sempre que isto non comporte unha carga adicional para os usuarios nin cree discriminación entre eles. Cando proceda, os equipamentos instalados a bordo poderán estar tamén conectados ao tacógrafo electrónico do vehículo.

Artigo 9. Outros requisitos dos sistemas de telepeaxe.

A incorporación de posibles melloras sucesivas e adiantos tecnolóxicos producidos no campo das tecnoloxías da información e das comunicacións nos sistemas de telepeaxe, efectuarase en calquera caso evitando custos de substitución ou outras circunstancias que poidan dar lugar a discriminación entre os usuarios nacionais e doutros Estados membros.

CAPÍTULO IV

Harmonización tecnolóxica e transición ao servizo europeo de telepeaxe

Artigo 10. Criterios de implantación do servizo europeo de telepeaxe en España, e coordinación coa Comisión Europea.

Correspóndelle á Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento a definición dos criterios para a adopción daquelas medidas que aseguren a aceptación do servizo europeo de telepeaxe nas estradas estatais, de conformidade con canto dispón este real decreto, así como a coordinación coa Comisión Europea en todas as cuestións relacionadas con el, sen prexuízo das actuacións que poidan corresponder a outros órganos da Administración xeral do Estado.

Artigo 11. Supervisión do proceso de transición.

A Dirección Xeral de Estradas é o órgano competente para a supervisión das medidas adoptadas, no marco establecido neste real decreto, para facilitar e impulsar a transición dos sistemas de telepeaxe actualmente instalados nas estradas estatais cara á súa converxencia, cando proceda, co servizo europeo de telepeaxe.

Artigo 12. Colaboración coas comunidades autónomas.

A Dirección Xeral de Estradas colaborará coas comunidades autónomas, nos ámbitos territoriais respectivos, en todas aquelas cuestións que resulten necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición adicional primeira. Migración dos sistemas baseados en comunicacións dedicadas de curto alcance (DSRC) a outras tecnoloxías.

Co fin de facilitar unha posible migración dos sistemas de telepeaxe baseados en DSRC a outras tecnoloxías dentro das que recolle o artigo 8, a Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento realizará os estudos pertinentes sobre os aspectos técnicos da transición e as correspondentes análises de custo-beneficio.

Disposición adicional segunda. Disposicións de aplicación.

O director xeral de Estradas adoptará as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.^a e 24.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre tráfico e circulación dos vehículos de motor e sobre obras públicas de interese xeral.

Disposición derradeira segunda. Incorporación de dereito da Unión Europea.

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2004/52/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativa á interoperabilidade dos sistemas de telepeaxe das estradas da Comunidade.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de febreiro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Fomento,
MAGDALENA ÁLVAREZ ARZA

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

2779 REAL DECRETO 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se determinan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fueis e gases licuados do petróleo e se regula o uso de determinados biocarburantes. («BOE» 41, do 17-2-2006.)

Co Real decreto 1700/2003, do 15 de decembro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fueis e gases licuados do petróleo e o uso de biocarburantes, púxoselle fin á situación de dispersión normativa anterior e á vez traspuxéronse a Directiva 2003/17/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de marzo, pola que se modifica a Directiva 98/70/CE, relativa á calidade da gasolina e o gasóleo, e, por outra parte, a Directiva 2003/30/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de maio de 2003, relativa ao fomento do uso de biocarburantes ou outros combustibles renovables no transporte.

A Directiva 2003/17/CE modifica a Directiva 98/70/CE, fixando o contido de xofre máximo para gasolinas e gasóleo de automoción (clase A), a partir do 1 de xaneiro de 2009 e para gasóleos destinados a ser utilizados en máquinas móbiles non de estrada e tractores agrícolas e forestais, a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Pola súa parte, a Directiva 2003/30/CE establece que os Estados membros deberán velar para que se comercialice nos seus mercados unha proporción mínima de biocarburantes e outros combustibles renovables, e considera para isto, entre outros aspectos, unha serie de medidas relativas á porcentaxe de mestura dos gasóleos e das gasolinas cos biocarburantes e o establecemento de obxectivos indicativos nacionais.

Ademais da indicada incorporación de directivas comunitarias, o Real decreto 1700/2003 supuxo a recom-